Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Castro Vila das Cárcavas, de Lindín

Segundo é tradición, o castro Vila das Carcávas (foxo, trincheira), na parroquia de Lindín, concello de Mondoñedo (Lugo) fixérono os celtas e habitárono os mouros. Segundo José Villa-amil y Castro[1] a cruz procesional existente na igrexa parroquial de Lindín pagouse co importe da venda duns pedazos de ouro atopados neste castro por un ascendente dos Leiras. O mesmo investigador no tomo VII da mesma publicación di que lle dixeron que a croa deste castro tiña unha murallla tan ancha arredor que podían ir por ela tres carros á vez, e que por fóra da muralla houbo vivendas, igrexa e ata castelo. Tamén se di que no sochán hai unha grade e unha gabita (pau para enganchar o xugo coa grade) de ouro. E tamén hai un xogo do bolos de ouro[2].

BIBLIOGRAFÍA

[1] J. Villa-amil y Castro (1874) «Adornos de oro encontrados en Galicia», en Museo Español de Antigüedades, tomo III, páx. 438.

[2] Información de Mari Lombardero e Jose Cuadrado. Ano 2014.